

E así un día encheuse o mundo coa nefasta promesa dunha apocalipse viral e de súpeto as **fronteiras que se defenderon con guerras crebáronse con pingas de cuspe**. Houbo equidade no contaxio, que se repartía por igual entre ricos e pobres e as potencias que se sentían infallibles viron como se pode caer ante un bico, ante unha aperta.

E decatámonos do que era e non importante. E entón unha enfermeira volveuse máis indispensable ca un futbolista, e un hospital fíxose máis urxente ca un mísil.

Apagáronse luces en estadios; detivéronse os concertos, as rodaxes das películas, as misas e os encontros masivos. E entón no mundo houbo tempo para a reflexión a soas.

Tres pingas de mocos no aire puxéronnos a coidar anciáns, a valorar a ciencia por diante da economía; dixéronnos que non son os indixentes os que traen pestes; que a nosa pirámide de valores estaba invertida; que a vida sempre foi primeiro e que as outras cousas eran accesorios.

Non hai un lugar seguro. **Na mente de todos cábenos todos** e empezamos a desexarlle o ben ao veciño, necesitamos que se manteña seguro, necesitamos que non enferme, que viva moito, que sexa feliz . E xunto a unha paranoia fervida en desinfectante dámonos conta que, se eu teño auga e o de máis alá non, a miña vida está en risco.

Volvemos ser aldea, a solidariedade tinguéuse de medo e a risco de perdernos no illamento, existe unha soa alternativa: ser mellores xuntos.

Se todo sae ben, todo cambiará para sempre. O tránsito de quen veña dar esperanzas será ben recibido en calquera idioma e con calquera cor de pel. Deixará de importar se eu non entendía a súa forma de vida, se a súa fe non era a miña.

Pode ser. Só é unha possibilidade que este virus nos faga máis humanos e dun dioivo atroz xurda un pacto novo, cunha póla de oliveira desde onde empezará de cero.

Rueda Abrahams

1. Ponlle título que recolla a idea central.
2. Di que aspectos se critican e que mensaxe pretende transmitir.
3. Define o vocabulario subliñado e as expresións sinalads.
4. Redacción: Expón, na túa opinión, que transformacións cres ti que terán ou deberían ter lugar na sociedade despois dos feitos relatados no texto, tanto desde o punto de vista social, económico, ecolóxico, etc.